

Os pavillóns de Bastiagueiro, Canide e Santa Cruz contarán con novas melloras

## O Concello constrúe un acceso no contorno da praia de Naval

Páxina 6



Concello de  Oleiros

A urbanización das Viñas en Perillo iniciarase tras o acordo acadado cos propietarios

Páxina 9

# Vivir en Oleiros

Número 47  
Marzo 2015  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Imaxe instalada na Pasaxe para denunciar o abandono da N-VI ao seu paso polo municipio



50 traballadores reforzarán os servizos municipais durante o verán

Páxina 14

Chega unha nova entrega do programa Ven e descubre para maiores

Páxina 17

Comezan os cursos de kaiak de mar e surf para mozos e mozas

Páxina 18

## Oleiros clama polo estado de abandono da N-VI e continúa a súa loita para mellorar os accesos

■ O Ministerio de Fomento segue sen resolver os graves problemas de tráfico e de seguridade viaria que sofren os usuarios e usuarias da N-VI. Os principais puntos conflictivos son a ponte da Pasaxe, o semáforo do Carballo e o cruce de Solymar. O Concello de Oleiros continúa a demandar a urxente e necesaria mellora dunha das vías con maior tránsito e vehículo de Galicia que nun punto como A Pasaxe rexistra o paso de 100.000 automóbiles diarios. Non só Fomento esquece as súas responsabilidades en Oleiros, a estrada da costa, de competencia autonómica, atópase á espera das melloras comprometidas pola Xunta.

Páxinas 12 e 13

## As competicións deportivas e o teatro, protagonistas da axenda en primavera

Un completo programa de teatro con actuacións de todo tipo e a disputa dos trofeos de ximnasia rítmica, natación sincronizada e a proba de triatlón marcan a axenda oleirense para os próximos meses. O programa de primavera concluirá coas actuacións previstas dentro da clausura dos cursos das escolas municipais de música e danza.

Páxinas 18 a 21

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Non somos cincenta

Hai xa tempo que os veciños e veciñas de Oleiros empezamos a soñar todos xuntos, a soñar que era posible un concello distinto aos que se ían formando no noso contorno, onde o medio ambiente, o respecto pola natureza, o crecemento sostible, a loita polo interese común, o benestar... non fosen utopías, senón realidades. Hai anos, un grupo de persoas, pensando no ben común, soñaron xuntas e implicaron a outras nese soño, impulsando a participación colectiva no traballo por eses obxectivos comúns. Pouco a pouco, facendo e traballando honradamente, sen roubar, os soños foron acadándose e o que parecía imposible foise facendo posible.

A vida, unha vez máis, dinos que imposible non hai nada. Moitas persoas seguimos a crer que se pode facer política dun modo distinto ao que vemos hoxe en día nos concellos limítrofes, na comunidade autónoma, no goberno de España... Orgullosos de facer política, de facer o ben común, de loitar todos e todas honradamente polos nosos soños, sen manipulacións, sen roubos, sen atracos, sen mangantes... con traballo e mentalidade de futuro, pensando no Oleiros dos próximos vinte anos, non nas próximas eleccións, no Oleiros que queremos para os nosos fillos e fillas, para os nosos netos e netas. Esa é a nosa forza, os soños son

imparables, se soñamos xuntos é posible outra realidade da que vemos ao noso arredor. Como fala de Oleiros a xente de fóra? Que imaxe ten do noso concello? Preguntácheste algunha vez por que? Porque é singular, distinto dos outros, porque é dos poucos onde se pensa, no interese común, na cultura, no ensino, no benestar en toda a súa extensión, no medio ambiente, na calidade de vida... porque a nosa prioridade é Oleiros, e non Madrid ou Santiago, porque a nosa prioridade son os veciños e veciñas de Oleiros e non o que din nos grandes partidos.

O noso obxectivo é seguir traballando por consolidar esa sin-

gularidade, denunciando os enganados, as trampas, a corrupción, a especulación..., desde un goberno, impulsado, participado e protagonizado polos veciños e veciñas de Oleiros, auténticos artífices da construción do seu propio futuro, que non queren ser marionetas, senón autores do seu desenvolvemento e benestar.

Cincenta precisaba dunha fada madiña para acadar os seus soños, aos veciños e veciñas de Oleiros non nos fai falla, sabemos ser os protagonistas da nosa realidade transformándoa para interese común, para conseguir que os nosos soños se sigan facendo realidade.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## Hai moito revolucionario de encher o peto

Como nai, muller traballadora e veciña de Oleiros, a miña convicción política é que tanto nós como os nosos fillos e netos teñan o seu futuro garantido en Oleiros. E para iso é necesario afastarse do illamento, do enfrontamento e do medo.

O futuro hai que crealo desde xa, tendendo pontes, como a Ponte da Pasaxe, cuxo proxecto de reforma presentado pola ministra de Fomento podería ampliar a súa capacidade en 150.000 vehículos diarios, 50.000 máis que o seu límite actual. Iso é o futuro,

agás para os agoireiros que andan ao seu propio electoralismo.

O futuro non poden vir dun alcalde que leva 28 anos na cadeira de mando. Non creo que queden moitos así, pero si sei que esta xente acaba confundindo os asuntos públicos cos privados. A casa de todos é a de todos, non a de un, e aínda estou agardando a que Radio Oleiros, a emisora municipal, teña a xentileza de invitarme. Xa pasaron máis de 5 meses desde que eu, Tristana Moraleja, fun nomeada candi-

data á Alcaldía de Oleiros e sigo agardando.

O presente e o futuro tamén é gobernar en transparencia, adaptando o portal municipal á Lei do devandito nome, e publicando as declaracións de bens de todos os cargos electos. Como veciña de Oleiros ignoro cal é o patrimonio persoal do noso alcalde. Teño dereito a sabelo, igual que todos os oleirenses teñen dereito a saber o meu e o de calquera cargo público. Xa vemos ultimamente nos medios de comunicación que hai moito revolucionario de en-

cher o peto, moito "salvapatrias" que gusta de denunciar a corrupción dos demais ao tempo que agocha os seus bos cartiños.

O futuro tampouco pode vir dese vello e casoso xeito de gobernar baseado en dividir, enfrontar e trazar liñas ben diáfanas entre os que están comigo ou contra min. É preciso Revitalizar Oleiros gobernando para todos, mellorando os logros acadados co firme convencemento de que, se non lle damos impulso, o modelo actual quedará esmorecido como a iluminación de Santa Cristina.



Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Aló presidente (bis)

No último número desta revista-panfleto denunciabamos a utilización por parte deste goberno local dos cartos públicos para lanzar as súas simplistas proclamas, ao máis puro estilo bolivariano, por medio desta revista-panfleto, da emisora municipal e dos programas pagados en emisoras de radio comerciais.

Pero o enxeño do noso alcalde de-

parábanos a última sorpresa propagandística cando atónitos asistimos ao lanzamento do libro "Oleiros a forza dun pobo" onde por 40.000 "módicos" euros (correspondentes á impresión e reparto), pagados por vostede e por min, o alcalde Ángel García escribe as súas memorias sen ningún tipo de rigor, nin bibliográfico, nin documental. Unha historia súa, do "seu Oleiros"

que quedará para vergonza do propio autor e de todos os veciños de Oleiros nas bibliotecas e fogares do municipio. No artigo anterior denunciabamos que mentres o gasto en propaganda contrastaba coa falta de obras no municipio, de obras novas ou de mantemento, neste artigo queremos facerlles unha comparación para que comprobem a tristeza do asunto.

Se o custo do libro autobiográfico do alcalde foi de 40.000.-€, o orzamento para dotar a todas as bibliotecas do municipio de novos libros (infantís, científicos, históricos, de poesía, ensaio, novela...) durante todo o ano 2015, é de 21.000.-€.

Quen pense que o ministro Wert é o único político que ameaza a cultura do país se equivoca.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Oleiros precisa doutra alternativa

Xa ás portas das eleccións municipais o BNG preséntase -en Oleiros e en Galiza- como alternativa ao PP, o partido dos recortes sociais, das privatizacións, dos ataques ás liberdades.

No local o BNG ten coincidido con AVV nunhas cuestións. Mais hai liñas ver-

mellas que nos separan.

Non queremos un goberno que impón medidas urbanísticas á veciñanza, pero compracente e servil cos grandes promotores (POL 16 de Perillo / Caso Maxi). Nin un alcalde insulta a quen discrepa, que mente e fai uso despótico duns me-

dios de comunicación pagos con diñeiro público. Non queremos medidas de dereitas disfrazadas de progresistas (redución nun 70% da vivenda protexida). Non pode haber entendemento cunha forza política sometida aos ditados dun caudillo. O BNG é hoxe a alternativa fronte ao

autoritarismo e ás políticas antisociais, as que gobernan ao servizo dos de sempre, as que defenden intereses particulares fronte ao interese xeral, as que confunden información con propaganda, as que non escoitan á veciñanza. Na Galiza e en Oleiros.

# EDITORIAL

## ● O descrédito da política do Estado concentra grandes preocupacións

◆ Ás portas das eleccións municipais, o estado da nación, o descrédito da política do Estado concentra grandes preocupacións: incumprimento sistemático e flagrante dos programas electorais, anteposición dos intereses dos grandes monopolios, das entidades financeiras e das grandes fortunas, en detrimento do estado de benestar... por parte sempre dun poder corrupto. Porque se corrupción é o tráfico de influencias, o amaño de adxudicacións, o cobro de comisións ou a apropiación indebida –por non chamarlle depredación dos recursos de todos–, tamén o é a asignación de plans de pensións hipermillonarios e blindaxes aos mesmos que nos afundiron no pozo, ou a subida dos salarios dos directivos das empresas do IBEX que aplican incrementos tarifarios, condenando a unha parte da poboación á pobreza extrema e á exclusión.

O goberno municipal de Oleiros vén implantando medidas de asistencia social, plans de vivendas protexidas e cobertura de servizos que, por lei non lle corresponde, para intentar diminuír os déficits de atención por parte das Administracións supramunicipais, con medios limitados, pero con toda a experiencia que nos dá a proximidade e o noso modelo de participación veciñal.

No seu día xa denunciámos a fraude dos cursos de formación e pedimos unha adxudicación xusta de diñeiro para o desenvolvemento destes programas tan necesarios como ben aproveitados polos oleirenses.

Apoiamos a educación gratuíta e aconfesional e a devolución dos cartos estafados aos preferentistas, denunciámos os recortes en materia sanitaria e loitamos pola asistencia as persoas que non poden pagar a hipoteca para que non perdan o seu fogar.

Estas eleccións municipais son un fito crucial non só polo que supoñen para o noso ámbito local senón polo que poden supoñer de anticipo do que ten que vir, nas eleccións autonómicas e xerais, para mudar o mapa de corrupción no seo do bipartidismo, que non dubida en tapar o buraco de case que cen mil millóns de euros, detraídos por esas prácticas obscenas e tamén polo rescate bancario, coa aplicación dun modelo de facer política en contra da saúde física e mental dos cidadáns.

É un momento clave, e non vale lamentarse. Hai que cargarse de responsabilidade e botar definitivamente das posicións de poder e de proximidade coa caixa dos cartos públicos, a eses que aínda ousan presentarse de novo dicindo que son campións da transparencia. O presente, o futuro do noso Concello habita máis aló, grazas ao traballo veciñal, da bicefalia depredadora, instalada na corte coa impunidade que lles dá a condición de aforados. Votemos, participemos para anticipar un proceso de limpeza de todos os que ensuciaron a política para que o pobo, e non os intereses sucios e espurios, sexa o que escriba o futuro.

# Orgullosos de vivir en OLEIROS



## As rúas Xan Vicente Viqueira, Thomas Price e Suárez Picallo serán asfaltadas ▼



■ A rúa Xustiza e varias rúas da urbanización Xardín de Nós foron asfaltadas ao longo das últimas semanas

◆ O Concello de Oleiros renovará proximamente o pavimento nas rúas Xan Vicente Viqueira, Thomas Price e Suárez Picallo. En total investiranse 87.254 euros en mellorar estas vías municipais que se atopaban moi deterioradas. Así mesmo, nestas tres rúas inclúese a construción da rede de pluviais ao carecer dela. As obras acometeranse nas próximas semanas. Nestes momentos estanse a asfaltar unha parte das case 50 rúas xa contratadas, pero a constante presenza da chuva retrasou parte destes traballos que se rematarán ao longo da primavera e o verán. Así mesmo, estanse a reparar unha serie de camiños en rega asfáltica. Estes traballos fanse de forma directa por parte do Concello a través da brigada de asfaltados de Servizos Municipais. O Concello de Oleiros conta cunha rede municipal de vías que supera os 250 quilómetros de lonxitude e que se encontra en continuo proceso de renovación.

## O Concello actualiza a iluminación na rúa Hábitat e nas urbanizacións Agramar e Beiramar ▼



◆ O Concello destina 50.494 euros á renovación da iluminación pública na rúa Hábitat e nas urbanizacións Agramar e Beiramar. Esta rede presentaba un estado de conservación moi deficiente polo que é necesaria a súa substitución. As luminarias a instalar serán tipo LED, de baixo consumo enerxético. Xunto a esta actuación proxéctase tamén unha mellora nas liñas de iluminación pública da zona.



## Instalaranse 19 novos centros telemáticos na iluminación pública ▼

■ *Esta medida reducirá considerablemente o consumo e facilitará os labores de mantemento*



◆ O Goberno municipal instalará un total de 19 novos centros de mando na rede de iluminación pública. En total investiranse 31.063 euros nesta iniciativa que permitirá reducir o gasto enerxético en 15.000 euros ao ano, o que facilitará a amortización deste investimento en dous exercicios. O proxecto ten como obxectivo continuar a implantación das medidas de aforro enerxético dentro do plan de actuacións que nesta liña véñense aplicando no Concello de Oleiros nos últimos anos como consecuencia da posta en práctica das directrices da Auditoría enerxética de 2010.

A actuación consistirá en dotar de telexestión a 19 centros de mando de iluminación pública municipais, que dispoñen de sistema de redución de consumo, con obxecto da mellora permanente sobre a programación estándar destes equipos, de modo que se poida ampliar o horario de funcionamento reducido, así como facilitar os labores de mantemento grazas ao sistema de alarmas do que constan os módulos a instalar.

## Os pavillóns de Bastiagueiro, Canide e Santa Cruz contarán con novas melloras ►

■ *Estes traballos teñen por obxectivo que estas instalacións utilizadas por escolares, veciños e clubs deportivos, continúen mantendo o seu óptimo estado de conservación*

◆ O Concello realizará unha serie de melloras nos pavillóns de Bastiagueiro, Canide e Santa Cruz. Estes traballos teñen por obxectivo que estas instalacións utilizadas por escolares, veciños e clubs deportivos, continúen mantendo o seu óptimo estado de conservación. Deste xeito o pavillón de Bastiagueiro será pintado na súa parte exterior. Así mesmo, solucionaranse os problemas de humidades que proceden da zona do parque e que afectan ao ximnasio da instalación.

En Canide construíranse cubertas nas entradas peonís para evitar que entre auga de choiva cando as portas están abertas. Para rematar, o pavillón de Santa Cruz será dotado cun novo acceso para vehículos e renovarase a porta que dá acceso ao patio exterior do colexio. É necesaria a construción dunha porta para vehículos, xa é a único instalación deste tipo no noso municipio que non dispón dunha e isto dificulta moito os labores de mantemento do edificio. Así mesmo o novo acceso facilitará a organización de eventos de diversa índole.

## A rúa Aguia será dotada de novas beirarrúas ▼

■ *Así mesmo o Concello pavimentará as rúas Campo das Becerras e Carlos Manuel Céspedes e axardinará a rotonda que dá acceso á urbanización Icaria*

◆ O Concello de Oleiros levará a cabo importantes traballos en catro rúas do municipio que demandaban unha urxente actuación. Deste xeito investiranse 58.433 euros en dotar a rúa da Aguia de novas beirarrúas. Nesta vía de Dorneda demoleranse as actuais que eran defectuosas e construíranse unhas novas con aglomerado asfáltico. Deste xeito mellorarase a seguridade viaria nesta vía situada nas inmediacións da urbanización Rialta.

Pola súa parte, a rúa Campo das Becerras será pavimentada con formigón. Do mesmo xeito, a rúa Carlos Manuel Céspedes que na actualidade xa conta con pavimento será rematada tamén con formigón. Ademais, na rúa Sendeiro acometeranse melloras ornamentais cunha serie de traballos de axardinamento e a plantación dunha fermosa oliveira.



## A Casa da República experimentará unha completa reforma ◀

◆ A Casa da República, situada na localidade de Oleiros experimentará ao longo dos próximos meses unha reforma integral que permitirá un maior e mellor aproveitamento do inmovible. O Goberno local investirá este ano 70.000 euros en acondicionar o edificio.

A obra de reforma integral incluírá a substitución do forxado principal do edificio, deteriorado pola couza e melloras na planta baixa para eliminar humidades. Así mesmo, demoleranse todas as particións interiores e, ademais, ampliarase a altura da planta baixa no espazo baleiro que existe baixo os baños da planta alta. Para rematar, aproveitarase tamén para facer outras melloras de carácter enerxético orientadas a minimizar o gasto deste edificio.

## O Concello inviste 200.000 euros na construción do acceso ao novo colexio de Nós

◆ O Concello de Oleiros colaborará coa Consellería de Educación na construción dun acceso desde a rúa Salvador Allende á parcela do novo colexio que se está a construír en Nós. Deste xeito os vehículos accederán ao centro educativo a través desta vía e saíran del pola rúa Alexandre Bóveda. Esta obra supón unha gran mellora sobre a situación actual na que todo o tráfico tiña que circular pola rúa Salvador Allende, polo que existía un grave risco de que se producisen aglomeracións unha vez que o centro educativo comece a funcionar o próximo curso. A apertura desta vía supón un investimento que se achega aos 200.000 euros aos que se suman os 300.000 euros que o Concello xa tivo que invertir na adquisición da parcela para a construción deste necesario colexio.

## Eliminación de plumachos en fincas privadas ▼

■ *Os gastos de roza da herba da pampa serán remitidos aos propietarios, a quen ademais se lles abrirá un expediente sancionador*

◆ O Concello continúa coa súa loita contra a planta invasora coñecida como herba da pampa. Ao longo das pasadas semanas, un tractor contratado polo Goberno municipal limpou varias fincas de titularidade privada cuxos propietarios fixeron caso omiso das notificacións municipais para que levasen a cabo a correspondente limpeza. O Concello pasará a factura aos donos, na súa maioría entidades bancarias, ás que tamén abrirá un expediente sancionador que se resolverá con multas de entre 300 e 6.000 euros.



# Os Regos, renovación de beirarrúas e localización de aparcamentos ▼

■ Na parte superior da imaxe sinalado en vermello, a rúa Os Regos onde se renovarán as beirarrúas. Na inferior, lugar que ocuparán os aparcadoiros na rúa Mandeo.

◆ Contrataranse diversas melloras na urbanización Os Regos. As obras consisten en dotar de novas beirarrúas á rúa principal debido á deterioración que sofren. Ademais crearase un aparcadoiro sobre a marxe exterior da rúa Mandeo. Así mesmo, as lousas levantadas no paseo exterior serán reparadas en toda a súa lonxitude.



## Nova rede de augas en avenida Che Guevara e accesos de Montrove ao Seixal ▼

◆ O Concello está levando a cabo diversas obras de mellora na rede de abastecemento de augas. Trátase de traballos menos vistosos que outras obras, pero moi necesarios para a comunidade. Nestes momentos estase concluíndo a renovación da rede na avenida Che Guevara e iníciase a obra do colector entre Montrove e O Seixal, no Vieiro.

Ademais, saíron a contratación dous novos colectores na avenida Francisca Herrera no centro de Oleiros, e o outro tramo que abastece a zona alta da parroquia de Nós, entre a N-VI, a rúa do Traballo e a praza do Vilar. O investimento nestes traballos é de 265.684 euros.



## Novo acceso a Naval

◆ O Concello levou a cabo as obras para a construción dun novo acceso á praia de Naval. Este novo camiño discorre paralelo ao anterior, que se verá afectado pola obra de construción do novo muro de contención que ten que levar a cabo Portos de Galicia nesta instalación de Santa Cruz. Durante os traballos, o Concello tivo que facer un forte desmonte nos terreos adquiridos para a futura ordenación do contorno da praia de Naval. Así mesmo, ademais da construción do novo acceso aproveitouse para dotar esta zona dunha nova zona de aparcamento.



**A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO**

**HORARIOS:** de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h • Sábados: de 09:00 h a 14:00 h • Telf.: 981 795 524

# Oleiros reitera a súa petición ante a Xunta para que leve a cabo o repintado do paso de peóns que dá acceso ao colexio A Rabadeira ▼



◆ O Goberno local reiterou a súa petición ante a Xunta para que leve a cabo de forma urxente o repintado do paso de peóns que se atopa nas inmediacións da rotonda das olas, na AC-174, ao seu paso pola localidade de Santa María de Oleiros. Este paso de peóns atópase totalmente despintado, o que pon en serio risco os viandantes, xa que os vehículos non contan coa sinalización horizontal suficiente para percibir a súa presenza. Neste caso concreto a perigosidade aumenta xa que o paso é utilizado polo menos dúas veces ao día polos centos de alumnos e alumnas do CEIP A Rabadeira. Pero non só os escolares cruzan por este transitado punto, moitos outros veciños e

veciñas utilízanlo posto que é un punto de acceso clave para a piscina municipal e o centro de saúde.

O Concello de Oleiros, a través da Concellería de Obras Públicas, dirixiuse en reiteradas ocasións á Xunta para que leve a cabo o repintado sen que o Goberno autonómico realizase este necesario traballo nos últimos anos. No escrito enviado á Consellería, xunto con esta urxente petición, o Goberno local recordou outros puntos do municipio que revisten alta perigosidade en vías de titularidade autonómica debido á situación de falta de mantemento por parte da Xunta.

## O Concello esixe á Deputación a creación dunha beiravía nas inmediacións do pazo de Lóngora ►

◆ O Concello reitera ante a Deputación a necesidade de crear unha beiravía para peóns desde Muíño do Vento ata a igrexa de Liáns, fronte ao pazo de Lóngora. O Goberno local considera moi urxente a realización desta obra xa que se trata dun tramo moi transitado por peóns. A diario centos de veciños e veciñas utilizan esta conexión entre as localidades de Montrove e Santa Cruz sen dispoñer dunha zona habilitada para o tránsito coas garantías necesarias de seguridade.



## Máis de 700 árbores podadas entre febreiro e marzo ◀

◆ O Concello de Oleiros podou máis de 700 árbores espalladas por todo o termo municipal. O Departamento de Servizos serviuise para iso da axuda dunha pluma elevadora que facilitou a tarefa. A poda é unha fase necesaria para a correcta conservación e coidado do arboredo. Así mesmo, tras a conclusión desta fase, os operarios municipais reporán toda a vexetación que ao longo dos últimos meses foi danada e sexa irrecuperable.

# Denunciárase xuridicamente os responsables de que non se pagasen as expropiacións da vía Ártabra

■ *O servizo xurídico do Concello solicitará ao Goberno autonómico o nome dos encargados de levar o expediente*

◆ O Concello denunciará os responsables de que non se pagasen as expropiacións da vía Ártabra. O goberno local púxose a disposición dos veciños e veciñas afectados para emprender accións legais por vía penal en contra dos altos funcionarios da Xunta responsables de que gran parte das contías económicas froito das expropiacións de terreos para a construción da vía Ártabra non se pagasen sete anos despois de efectuarse e case dous despois da entrada en funcionamento de parte da vía. Nos pasados días o servizo xurídico do Concello solicitou ao Goberno autonómico o nome dos encargados de levar o expediente destas expropiacións.



## A xustiza avala a denegación de licenza para abrir unha gasoleira no contorno de Bastiagueiro

◆ A sala do contencioso administrativo Número 4 acordou desestimar o recurso presentado pola empresa Promoesga S.L. contra o Concello de Oleiros por denegarlle a licenza para a apertura dunha gasoleira nunha parcela da súa propiedade situada entre a urbanización Bastiagueiro e a avenida Che Guevara. A dita solicitude de licenza foi denegada por tratarse dun solo de protección do contorno do areal de Bastiagueiro e destinado a aparcadoiro público. O argumento esgrimido pola empresa foi que a parcela estaba destinada a servizo público diario. O Concello de Oleiros mostra a súa satisfacción por este fallo xudicial que contribúe a non contaminar o contorno desta praia.

## O Goberno local impugnou o reparto de fondos para Servizos Sociais realizado pola Deputación por partidista e ilegal

◆ Oleiros impugnou o reparto de fondos para Servizos Sociais realizado pola Deputación por partidista e ilegal. Unha vez máis a Deputación provincial marxinou o Concello de Oleiros ao saltarse os baremos establecidos e os criterios obxectivos para outorgar subvencións. Nesta ocasión o municipio oleirense obtivo unha cantidade sensiblemente inferior á que recibiron outros concellos da área metropolitana ou da provincia en materia de servizos sociais.

Na resolución exposta ao público, o Concello de Oleiros recibiu un total de 27.494 euros mentres que municipios como Cambre fíxose con 65.700 euros, Culleredo con 41.500 euros, a Arteixo concedéronlle 61.500 euros e a Sada 39.000 euros. Ademais outros concellos da provincia tamén obtiveron cantidades superiores, é o caso de Ames, ao que lle foron outorgados 64.600 euros, Cee, que recibiu 53.100 euros, ou Fene que percibiu 49.000 euros co criterio de que teñen maior interese provincial.

## Queixas entre os usuarios do transporte público pola tarxeta

■ *O Goberno municipal instou a Xunta, única responsable nesta materia, a que atenda este asunto*

◆ O Concello de Oleiros vén recibindo reiteradas denuncias tanto de particulares como de asociacións veciñais polo funcionamento anómalo da tarxeta de transporte. O goberno municipal xa instou a Xunta, única responsable en materia de transporte, a que atenda este asunto. A pesar de non ter competencias, o Concello de Oleiros inviste anualmente 201.892,18 no transporte público. Deste importe, un total de 123.339,89 euros destínanse a subvencionar as viaxes a través das tarxetas de transporte, polo que non está disposto a que esta situación continúe.

Moitos destes usuarios denuncian que cada vez é máis frecuente que ao subir ao autobús e intentar pagar coa tarxeta moedeiro, esta non funcione correctamente porque a máquina validadora non a reconece. Deste xeito os usuarios e usuarias da tarxeta de transporte metropolitano están castigados o triplo, cando a máquina dos autobuses funciona mal e non le as tarxetas, vense obrigados a pagar o importe en metálico cun sobrecusto de 0,65 euros, perden o dereito ao transbordo gratuito, no caso de que o precisen, e ademais teñen que aboar 2 euros por unha nova tarxeta.

## A festa de entroido parodiou as tramas de corrupción que asolan o país

◆ Como cada ano, a actuación sorpresa que se leva a cabo durante a festa de carnaval parodiou un dos asuntos de actualidade ao longo dos últimos doce meses. Nesta ocasión a quenda foi para as distintas tramas de corrupción que, desde distintos ámbitos da sociedade española, son responsables da actual situación crise económica que vivimos. Pola pasarela da corrupción oleirense desfilaron personaxes como Blesa, Fabra, o pequeno Nicolás ou Urdangarín. Tramas como a «Campión» ou a Operación «Zeta» foron protagonistas. Todos eles acabaron entre rexas obrigados polo alcalde que, caracterizado de policía, encargouse de poñelos fóra de xogo.





# Acordo cos propietarios das Viñas para realizar as obras de urbanización ▼



◆ O Concello chegou a un acordo tras manter unha reunión coa maioría dos propietarios e propietarias da futura urbanización As Viñas en Perillo, cuxo desenvolvemento se iniciará nun breve prazo de tempo. No dito encontro, o Goberno local informou as persoas interesadas de como se levará a cabo o proceso de urbanización nesta bolsa de solo e de como se adxudicarán as unidades construtivas derivadas deste proceso.

Os propietarios contan coa posibilidade de sufragar as obras de urbanización con unidades construtivas, o que permitiría realizar a obra sen que os veciños e veciñas teñan que levar a cabo un desembolso en

metálico, posto que pagarían con parte do seu aproveitamento urbanístico. Ademais, aqueles que non contan coa parcela mínima con aproveitamento urbanístico poden vender a súa propiedade ao Concello.

Ademais, na reunión informouse da considerable redución de custos na obra de urbanización xa que parte da vía principal se realizará con cargo a outro sector urbanizable. Por último, transmitiuse a modificación no Plan xeral en relación á porcentaxe de vivenda protexida que pasou dun 40% nesta zona a un 10%, polo que a futura venda de vivendas non se ve afectada pola pésima situación que atravesamos a vivenda protexida en Galicia ao quedarse sen axudas dos gobernos estatal e autonómico.

## Concluída a construción de vivendas de protección en Oleiros

■ *No inmoble finalizado poden adquirirse dúas vivendas que quedaron libres.*



◆ Xa está en condicións de ser habitado o edificio de oito vivendas de protección construído na localidade de Oleiros e promovidas polo Concello a través dunha cooperativa. Así mesmo, a outra cooperativa promovida polo concello atópase finalizando a obra de construción do edificio de 27 vivendas fronte ao hotel Portocobo, na localidade de Santa Cruz. No inmoble finalizado en Oleiros poden adquirirse dúas vivendas


que quedaron libres debido a que dous dos cooperativistas se viron afectados por cambios na súa situación económica como consecuencia da situación de crise que atravesamos o país. Aquelas persoas interesadas en adquirir estes pisos poden obter máis información contactando co departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros.

# A redacción dos proxectos para a construción dos novos campos de fútbol de Mera e Dorneda sae a contratación

◆ O Concello saca a contratación a redacción dos proxectos para a construción dos novos campos de fútbol de Mera e Dorneda. O Concello, a través do sistema de compensación urbanística do Plan xeral e a aprobación dos respectivos plans parciais para a ordenación urbanística de dous sectores en Mera, adquiriu a propiedade dos terreos necesarios para a realización do complexo deportivo para a zona norte do municipio. Os terreos ocupan unha extensión total de 19.177 metros cadrados e neles prevese tamén a construción dun amplo aparcadoiro.

Para a adquisición deste solo en Mera o Goberno municipal contou en todo momento coa disposición dos veciños propietarios, non foi así cun promotor que adquirira algunhas fincas e durante dous anos dilatou a cesión obrigatoria. Na actualidade estase levando a cabo unha primeira obra de preparación do terreo para a eliminación das fortes pendentes existentes a través da construción de muros de contención. Estes traballos supuxeron un investimento total de 94.000 euros.

Así como en Mera o Concello xa é propietario dos terreos, no caso do campo de fútbol de Dorneda estes atópanse pendentes de entregarse por parte da xunta de compensación da urbanización do campo de golf. O novo campo estará situado fronte ao pazo de Xaz e ocupará unha extensión de 16.000 metros cadrados.



## Os campos de fútbol de Montrove e Os Regos serán dotados con sistemas de rega ▼

◆ Investiranse 70.000 euros en dotar cun moderno sistema de rega nos campos municipais de fútbol de Montrove e Os Regos. Nestas instalacións públicas realizan a súa actividade deportiva os equipos dos clubs de fútbol de Montrove, Perillo, Santa Cruz e o colexio Cristo Rey. Estas demandadas obras estanse levando a cabo a petición das ditas entidades. As obras realizaranse ao finalizar a liga.

# O pazo de Xaz acondiciónase como hotel monumento de catro estrelas ▼



◆ Estanse levando a cabo as obras necesarias para a adaptación do pazo de Xaz, en Dorneda, como hotel monumento de catro estrelas. Ademais da actividade hoteleira, parte das súas construcións adecúanse

igualmente, un dos edificios poderá albergar eventos e outro converterase na sede do futuro campo de golf que se construírá nas inmediacións desta casa señorial.

## Lorbé contará cun monumento en honor aos mariñeiros

◆ A petición da comunidade mariñeira de Lorbé, a través da Confraría de pescadores, o Concello de Oleiros colocará un monumento aos mariñeiros no porto de Lorbé. O traballo estase realizando polo escultor Francisco Escudero, quen esculpirá a imaxe nunha peza de granito.

## Doazón de dúas obras pictóricas ao Concello



◆ Unha veciña da localidade de Mera doou ao Concello dúas obras pictóricas de notable factura. Os dous cadros, obra do pintor Julio A. Fernández Argüelles, atópanse decorando as dependencias municipais no acceso á primeira planta da Casa do Concello. A obra deste pintor falecido en 2002, caracterízase pola súa firmeza no trazo e a súa peculiar composición cromática na que utiliza cores terra, ocres, azuis, amarelos e carmíns. Así mesmo, destaca por lograr ambientacións que lembran as do mestre Velázquez, especialmente nos claroscuros.



**O primeiro período do calendario fiscal permanecerá aberto ata o 30 de abril ►**

◆ O primeiro período do calendario fiscal permanecerá aberto ata o próximo 30 de abril. Ata esa data os veciños e veciñas poden aboar os importes correspondentes ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica, a taxa sobre mesas e cadeiras de terraza, e as taxas correspondentes sobre vaos e nichos.

# O Concello continúa coa loita pola mellora dos accesos ▼

■ **Ministerio e Xunta esquecen os problemas das vías supramunicipais ao seu paso por Oleiros**

◆ O Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia a través da súa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas seguen sen resolver os graves problemas de tráfico e de seguridade viaria que sofren os usuarios e usuarias da N-VI e a AC-173, a coñecida como estrada da costa. A estas deficiencias súmase a

situación doutras vías inacabadas como a vía Ártabra, que carece da súa conexión co porto de Lorbé e da conexión coa autoestrada do Atlántico desde Iñás a Pravio. O Concello de Oleiros, consciente desta actitude de abandono, continúa coa súa loita para lograr que estes proxectos sexan desenvolvidos.

## Solymar

■ **A obra de Solymar eliminaría as retencións neste punto soterrando o tráfico da N-VI e creando vías de servizo para o tráfico local**



◆ O soterramento da N-VI ao seu paso por Solymar é unha obra deliberadamente paralizada por Fomento. O 4 de xaneiro de 2007 o Ministerio anunciou que adjudicará esta proxecto á empresa Azierta Control por 63.233 euros despois de que o ano anterior gastase 90.982 na redacción do documento. Ademais das longas colas, os veciños e veciñas residentes nesta zona teñen que atravesar a ponte da Pasaxe para

poder acceder aos seus domicilios en Perillo. Do mesmo xeito, está pendente de contratarse desde hai máis de cinco anos a rotonda e o paso a distinto nivel na zona de Agramar-Areal-Beiramar. Así mesmo, a zona comercial e industrial do Seixo carece de pasos de peóns e os viandantes vense obrigados a desprazarse máis dun quilómetro ata a zona do Solymar.

## O Carballo

■ **Este proxecto prevé a creación dunha rotonda no cruce e o soterramento da calzada da N-VI ao seu paso pola localidade do Carballo**



◆ A obra do Carballo leva esperando desde o ano 1998. Nesa data, o Ministerio realizou os expedientes de expropiación e os proxectos necesarios para solucionar as longas colas que se xeran nese punto. Despois de moitos anos continúa a espera de que se contraten estes

necesarios traballos. A solución adoptada para este punto prevé a creación dunha rotonda no lugar do actual cruce regulado con semáforo. Así mesmo, realizárase o soterramento da N-VI ao seu paso pola localidade deixando vías de servizo a cada lado para comunicar o tráfico local.

## A ponte Pasaxe

■ **Imaxe do proxecto de ampliación presentado no ano 2007 polo Concello de Oleiros ao Ministerio**



◆ A imperiosa necesidade da ampliación da ponte Pasaxe e a nova ordenación das cabeceiras segue a durmir o sono dos xustos pola desidia das administracións e os intereses especulativos dos propietarios dos terreos situados no outro lado da ría. Mentres tanto, calquera roce entre vehículos neste punto colapsa este acceso e obriga a perda de miles de horas por parte dos usuarios e usuarias. A media de vehículos que transitan diariamente pola ponte supera os 90.000.

Mais aló das quimeras e as promesas electorais baleiras, a ponte Pasaxe necesita un compromiso serio por parte do Goberno do Estado. Mentres non exista un proxecto de obra, unha partida orzamentaria e a necesaria contratación dos traballos para a ampliación, a cidadanía seguirá a sufrir os atascos día tras día.

## Estrada de Perillo a Mera ▼



◆ Hai xa máis de catro anos desde que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia redactou un proxecto para mellorar os accesos pola estrada da costa. O documento dota de beiravías, beirarrúas e varias rotondas en todo o tramo entre Bastiagueiro e Mera. Esta estrada é unha das de máis densidade de tráfico en toda a rede autonómica. En diversas reunións entre o Concello e os responsables da Consellería tomouse o compromiso por parte do alcalde de facilitar o solo necesario para a realización das obras, o que supuxo unha xestión con todos os propietarios e propietarias das 386 fincas, que cederon de forma gratuíta o solo necesario aforrando así tempo e diñeiro á Xunta, en total máis dun millón de euros. Ata a data seguimos sen saber cando se procederá a contratar este proxecto. Mentres tanto a estrada vaise convertendo nunha pista de salto de obstáculos cheo de fochas e gretas.

## A rotonda de Vilanova ▼



◆ No cruce de Vilanova, onde conflúen as rúas Manuel Murguía, Pilar Estévez, avenida Salvador Allende e o acceso ao novo colexio de Nós, segue sen saberse nada da construción da rotonda prometida nin da regulación da sinalización horizontal para evitar os accidentes que se orixinan neste punto que facilita o acceso á N-VI, Pravio, Cecebre, O Temple e á cidade da Coruña.

## Estrada O Carballo aos Regos ▼



◆ A estrada que comunica a localidade do Carballo coa urbanización Os Regos é un dos tramos máis perigosos para os peóns. Esta vía carece totalmente de beiravía e de beirarrúas na maior parte do seu percorrido, a existencia do colexio Cristo Rey e os centos de usuarios e usuarias que a diario se desprazan reclaman unha urxente actuación. A pesar das melloras realizadas con fondos municipais no contorno do colexio e a creación dunha pequena rotonda, a Xunta segue sen crear as beiravías e beirarrúas necesarias neste tramo.

## A vía Ártabra, inconclusa ▶

A vía Ártabra é a día de hoxe unha obra inacabada. Continúan sen abordarse por parte da Xunta de Galicia os dous tramos que finalizarían o trazado desta estrada. Por un lado atópase a necesaria conexión co porto de Lorbé, onde a Consellería conta co solo necesario para realizar os traballos, e por outro a conexión coa autoestrada do Atlántico no lugar de Pravio.



## Oleiros contratará 50 traballadores durante o período estival ►

◆ O Concello de Oleiros completará o seu cadro de persoal con 50 traballadores e traballadoras que durante un período de catro meses reforzarán os servizos que maior carga de traballo teñen durante o verán. Deste modo, o Servizo Municipal de Salvamento e Socorrismo contratará un total de 36 persoas, das cales 25 serán socorristas e 8 xefes de grupo que tamén levarán a cabo labores de socorrismo e salvamento. Ademais o equipo completárase con 3 auxiliares sanitarios. Por outro lado, o Departamento de Servizos Municipais reforzase con 14 traballadores que realizarán tarefas como a limpeza de praias, limpeza viaria ou conservación e recuperación de mobiliario urbano.

## Novas condicións de aluguer para ás naves dispoñibles no viveiro municipal de empresas

■ *Oito empresas xa desenvolven a súa actividade no complexo do polígono comercial de Iñás*

◆ O viveiro municipal de empresas supera a metade da súa ocupación total. Oito empresas están a desenvolver o seu traballo en sendas naves do complexo situado no polígono comercial de Iñás. Entre os negocios instalados encóntranse actividades como a venda hortícola, a robótica aplicada á produción audiovisual, a mecánica ou o desenvolvemento de automatismos. O Concello de Oleiros acaba de aprobar novas condicións para o aluguer de naves neste complexo. Están dispoñibles un total de 7 locais. Seis de 270 metros cadrados, cun canon de 712 euros mensuais, e unha nave de 240 metros cadrados cunha cota de 640 euros o mes. Os empresarios e empresarias interesados poden atopar máis información na Secretaria Xeral do Concello.



## O Centro municipal de formación solicita oito ciclos formativos para desempregados



◆ O Concello de Oleiros, a través dos centros municipais de formación Isaac Díaz Pardo e A Carballeira, solicitou á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia oito novos curso de formación para persoas desempregadas. Así, o noso municipio podería impartir o vindeiro curso ciclos formativos en cociña, atención sociosantaria a persoas dependentes, instalación e mantemento de zonas verdes, instalación de mobles, auxiliar de viveiros, financiamento de empresas, montador de instalacións solares térmicas e escaiolista. Os veciños e veciñas interesados en participar nestes ciclos poden obter máis información no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo situado na urbanización Os Regos.

## Os participantes nos obradoiros de emprego formarán parte na recuperación da finca Tenreiro



◆ Os participantes nos obradoiro de emprego impartidos polo Concello de Oleiros a través dos centros municipais de formación participarán activamente no proxecto de recuperación da finca Tenreiro, unha zona de preto de 30.000 metros cadrados adquirida polo Goberno local na parroquia de Nós e que albergará un gran parque público. Deste xeito as persoas que se formen en disciplinas como carpintería e moble, mantemento de xardíns e zonas verdes e revestimentos de construción traballarán na recuperación e posta en valor das numerosas xoias arquitectónicas e paisaxísticas que alberga este lugar.

## O Isaac Díaz Pardo imparte un curso para a procura de traballo a través de internet ▼

◆ O Concello de Oleiros, dentro do seu plan de formación municipal, puxo en marcha unha nova acción formativa dirixida a persoas demandantes de emprego usuarias da bolsa municipal de emprego. O Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo imparte ata o próximo 15 de abril un curso de Alfabetización Informática: Procura de emprego a través de internet. Esta acción formativa está dirixida a demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, de cara a facilitar aos usuarios e usuarias unha ferramenta imprescindible na realidade laboral actual. No curso trabállanse aspectos como o manexo do ordenador, creación dunha conta de correo electrónico e técnicas de busca de emprego a través de internet.



## O éxito do proxecto Mulleres colleiteiras depende da cidadanía



◆ O Concello de Oleiros en colaboración cos centros educativos do Concello está a participar na iniciativa Mulleres Colleiteiras. Neste proxecto de Arquitectos sen fronteiras, mulleres dos asentamentos da Pasaxe e As Rañas recollen aceites usados para a súa posterior reciclaxe co obxectivo de acadar a inclusión social a través da colaboración co Concello, a iniciativa Mulleres colleiteiras instalou puntos de recollida de aceite doméstico usado nos colexios A Rabadeira e Isidro Parga Pondal e nos IES Miraflores e Neira Vilas.

Esta iniciativa persegue unicamente a instalación dos contedores nos centros de ensino, senón que o proxecto ten un carácter claramente social e educativo que se traducirá na realización ao longo dos meses de marzo e abril dunha serie de charlas informativas a cargo de representantes deste colectivo de Mulleres Colleiteiras e da ONG, que teñen como obxectivo sensibilizar e concienciar sobre a xestión responsable dos residuos no ámbito doméstico así como o de achegar ao alumnado participante a realidade social dun colectivo en exclusión social. Así mesmo, os escolares poderán coñecer os esforzos levados a cabo por estas mulleres e as súas familias para acadar a inserción socio laboral. O Concello de Oleiros fai un chamamento á cidadanía para que deposite os seus aceites usados nos puntos de recollida e deste xeito, esta iniciativa logre os seus obxectivos.

## Oleiros colabora en varios proxectos de desenvolvemento en Latinoamérica e Ásia ▼



■ Proxecto de atencións ás indíxenas vítimas da violencia de xénero que o Concello de Oleiros apoia en Perú

◆ Oleiros é un concello comprometido coa loita contra a desigualdade no mundo e demóstrao formando parte activa do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A través desta entidade, o Concello organiza actividades para concienciar a cidadanía en contra da inxustiza social. Neste momento está a apoiar proxectos de desenvolvemento en Latinoamérica e Asia promovidos por ONGD galegas. Con Amigos da Terra facilítase o acceso á auga en Nicaragua, o mesmo país onde se fortalece o turismo sustentable cun Obradoiro de Solidariedade. Así mesmo, Enxeñería sen fronteiras favorece no Golfo de Fonseca o acceso á auga potable e ao saneamento, mentres que InteRed impulsa en Perú a atención ás indíxenas vítimas da violencia de xénero.

Do mesmo xeito, Implicadas no Desenvolvemento aposta na India pola participación social e política das mulleres, mentres que en Guatemala Arquitectos sen Fronteiras reforza unha cooperativa local. Apoiando estas iniciativas, a veciñanza de Oleiros defende os Dereitos Humanos e pon en práctica a solidariedade internacional, contribuíndo á construción dun mundo máis xusto.

## Os Dereitos Humanos, unha prioridade innegociable para o Goberno local

◆ Nun contexto de continuos recortes de dereitos e axudas, Oleiros mantén o seu compromiso coas persoas máis desfavorecidas na nosa contorna, pero tamén alén das nosas fronteiras. O Concello alíase cun cento de administracións locais no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para loitar contra a pobreza e a exclusión. A través dos proxectos de desenvolvemento que se impulsan en países do sur, contribúese desde o municipalismo á acción exterior de Galicia. Fronte ás incertezas que xera a reforma da administración local, defendemos a cooperación descentralizada e mesmo colaboramos con outras entidades europeas a prol da educación para a cidadanía global. Un eido no que se sensibiliza a milleiros de persoas cada ano a través de exposicións, obradoiros, xornadas, contos ou cine, pese a ter minguado o apoio do goberno autonómico a estas actividades que incorporan os Dereitos Humanos á axenda local. No portal web municipal [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org) e nas redes sociais podes seguir o labor ao que o Concello de Oleiros contribúe desde a Comisión Executiva do Fondo, tendendo pontes de solidariedade onde contan, por riba de todo, as persoas.

## O castelo de Santa Cruz acolle a presentación do proxecto Causas Comúns en Guinea-Bissau

◆ O Concello de Oleiros organiza a presentación do Proxecto Causas Comúns e a súa experiencia en Guinea-Bissau. O acto celébrase o 25 de marzo ás 19.00 horas no castelo de Santa Cruz e contará coa participación dos seus principais promotores, o fotógrafo Gabriel Tizón e Bubacar Bjalo, coordinador rexional da Plataforma de ONG da cidade Bafatá, onde se desenvolve esta iniciativa.

O Proxecto Causas Comúns nace en 2012 coa idea de facer visible e sensibilizar a todos os pobos a través da cultura e do intercambio experiencias e coñecementos, achegando, unindo e compartindo como idiomas universais. No 2015 trasládase esta idea a Guinea-Bissau, mediante a exposición fotográfica 'Europa, realidade dun soño'. Esta exposición ten por obxectivo achegar a realidade europea á poboación desinformada que pode supoñer un inmigrante clandestino en potencia, para que teña coñecemento previo da situación e dos riscos e poida tomar unha decisión razoada.



# Oleiros *na* Memoria

■ *Traballo realizado polas persoas participantes nos obradoiros de memoria organizados polo Concello de Oleiros*



## As escolas da guerra e a posguerra en Oleiros (II)

■ *Continuando co traballo de recompilación sobre as escolas dos anos 30 e 40 en Oleiros, afondamos no día a día desta época a través dos recordos dos nosos maiores*

◆ Con respecto á época da República a partir do ano 1936 houbo numerosos cambios que afectaban ao día nas aulas, iniciábanse cun *“Ave María purísima”* como saúdo de entrada, ao que o mestre contestaba *“sen pecado concebida”*, posteriormente rezábanse as oracións e empezaba a clase. Tamén cantaban o himno á bandeira e o *Cara ao sol* co brazo estendido.

Todos lembran o leite en po e a manteiga que lles daban na escola, que algúns relacionan cos americanos.

Non saían moito da aula, algunhas persoas recordan algunha excursión a unha festa da árbore que se fixera en Dorneda e outra en Oleiros. Da de Oleiros, celebrada no salón de baile, recordan a participación de dúas rapazas de Iñás, Ramona Míguez e Visitación González, que recitaron un diálogo sobre os beneficios das árbores que causou *“grande admiración entre os asistentes e dirixentes”*.

O recreo facíase na rúa ou nalgún solar próximo; xogaban á roda, á mariola, á corda, á barra, á mula, ás chinás, aos tres navíos ao mar, pañuelo, marro marrete martillo, ás canicas, ás tabas, á pilla, á pelota... Había xogos como o de *“salta a la mula”* ao que as nenas non lle deixaban porque dicían que non era un xogo *“axeitado para as nenas decentes”*.

Os libros que se utilizaban non eran moitos: o Rayas I, Rayas II, Rayas III, Silabario, Lecturas, Manuscrito... Existía un libro amarelo para o primeiro grao, o verde para o segundo e o azul para o terceiro.

Para escribir usaban unha lousa co borde de madeira, que parecía un encerado pero en pequeno, no que tiñan que escribir cun *pizarrín*, unha barriña de lousa non moi dura que rompía enseguida se caía ao chan.

Os nenos máis maiores escribían en cadernos con pluma, nunhas mesas que se chamaban pupitres e que contaban cun oco onde se poñían os *tinteritos* que levaban a tinta. Escribir con pluma era moi complicado, había que ter moito coidado porque ás veces se puñas moita tinta facíase un borrón. Algunhas escolas contaban con papel secante para os ditados.

As clases eran pola mañá e pola tarde de luns a sábados.

Seguíase a norma de *“a letra con sangue entra”* e os castigos eran variados e moi distintos dos de hoxe en día: de xeonllos cara a parede, tirón de orellas, *“palmaditas”* coa regra, golpe na cabeza cun libro e nalgún caso chegaban a pechar ao rapaz nun cuarto escuro.

Ás veces os rapaces argallaban artimañas para librarse dos duros castigos como os que nos conta unha señora que asistía á escola de Maianca: *“Cando castigaban a algún rapaz, o irmán facíalle sinais para que mollara o dedo con saliva e parecese que choraba, ás veces funcionaba e o mestre levantáballes o castigo”*.

**No próximo número contaremos máis polo miúdo os recordos de cada unha das súas escolas.**

# O Concello inviste 796.120 euros no Servizo de axuda no fogar ▼

■ Neste novo contrato, adjudicado por dous anos, inclúense un incremento do 30% nas horas de atención e numerosas melloras respecto ao anterior

◆ O Concello investiu 796.120 euros no Servizo de axuda no fogar. Neste novo contrato de prestación de servizos, adjudicado por un período de dous anos renovable por outros dous máis, recóllese un incremento no número de horas de servizo anuais de máis dun 30%, pasando das 27.500 previstas no anterior contrato ás 39.500 horas actuais.

Por outra banda, a calidade do servizo incrementárase notablemente ao conseguir importantes melloras en diversos ámbitos. As atencións prestadas ás persoas usuarias dentro do programa poderán ser complementadas con servizos de perruquería, podoloxía, manicura e fisioterapia, naqueles casos que se valore imprescindible desde os Servizos Sociais municipais.

O préstamo gratuito de axudas técnicas como cadeiras de rodas, andadores, guindastres... será outro dos servizos que se oferten, xunto co de electrodomésticos pequenos como microondas, quentaleites, secadores, calefactores de baño...

Os cuidadores das persoas que reciban o servizo tamén serán obxecto de especial atención desde o programa, xa que tamén poderán beneficiarse de sesións de spa, co fin de que teñan un tempo de descanso e desconexión das súas tarefas habituais. Así mesmo, o servizo verase reforzado con 100 horas anuais, a maiores das contratadas, como apoio en actuacións puntuais recollidas dentro do plan individual de intervención dalgúns casos.

## Arranca unha nova edición do programa Ven e descubre ▼

◆ Dentro das actividades que organiza o Concello de Oleiros dirixidas ás persoas maiores de 60 anos está o programa de excursiónismo e sendeirismo *Ven e Descubre*, unha completa programación de excursións e rutas interpretativas de sendeirismo coas que os maiores de Oleiros percorreren toda a xeografía galega.

Este ano achégase un programa moi atractivo que baixo o nome de *Segredos de Galicia* ten a intención de levar os participantes a lugares coñecidos que esconden misterios, historias, tesouros e paisaxes inéditos que aínda están por descubrir.

Á hora de coñecer lugares non é só o lugar que se visita, senón a ollada coa que se mira, por iso neste programa as excursións e as rutas van cargadas de contidos culturais, históricos, literarios, antropolóxicos, musicais... en definitiva actividades de calidade dirixidas a persoas interesadas en viaxar e aprender, en gozar de cada momento da viaxe.



### Excursions ▼

- **A ría dos tesouros.** Descubriremos os tesouros afondados na ría de Vigo e coñeceremos a historia da batalla de Rande, á vez que gozamos da súa paisaxe e do Castelo de Soutomaior.
- **Tradición e modernidade.** Os costumes e as formas de vida de antes e de agora. Un paseo no tempo pola comarca do Deza que nos levará á casa do patrón, ao Pazo de Liñares e a visitar a vila de Lalín.
- **A Arousa descoñecida.** A historia da ría de Arousa, a fortaleza de lobeira, as lendas da raíña Dona Urraca e unha mirada á singularidade da illa.



### Sendeirismo ▼

- **Coñece Oleiros paso a paso.** Primeira ruta de preparación polo noso concello, na que ademais de gozar da súa beleza e coñecer novos camiños, tomarase contacto co sendeirismo e o nivel de esixencia desta actividade.
- **Torres, pedras e cruceiros na Costa da Morte.** Camiñando entre petos de ánimas, dolmens, castelos e lendas nas terras de Malpica.
- **Entre Sálvora e San Vicente.** Coñecer a parte máis descoñecida da península do Grove, historia e natureza en estado puro.
- **Descubre a outra Compostela.** Unha fermosa ruta pola parte máis descoñecida da capital de Galicia na que sen dúbida quedarás sorprendido.
- **Sendeiros de outono.** Fin de semana percorrendo camiños de outono, desde a frondosidade da Fraga de Catasós en Lalín ata as ribeiras dos ríos Avia e Arenteiro en Ourense.

Así que xa sabes, se tes máis de 60 anos e gañas de ver mundo, facer amizades, de aprender e pasalo ben, acude á Xornada de presentación do programa *Ven e Descubre* o 25 de marzo ás 18:30 h no Centro Cultural A Fábrica en Perillo. O período de inscricións comeza o 6 de abril. Consulta o folleto dispoñible nas casas do pobo e edificios municipais a partir do 30 de marzo.



## Cursos de kaiak, surf e os campamentos deportivos para o bo tempo ▼

◆ Coa chegada do bo tempo reactivanse as actividades deportivas no exterior. Para estes meses o Concello organiza cursos de kaiak de mar para nenos e nenas de entre 10 e 14 anos e cursos de iniciación ao surf para a mocidade de entre 14 e 17. Así mesmo os máis pequenos, desde os 6 ata os 14 anos, poderán gozar nos campamentos de verán de actividades como, orientación, xogos populares, xogos acuáticos, escalada deportiva, actividades de loita, xogos malabares, olimpiada alternativa, patinaxe, actividades de orientación, salvamento deportivo e kaiak de mar e bodyboard.



◆ Tres competicións centran a axenda municipal para esta primavera. O próximo 28 de marzo celébrase o II Trofeo de Ximnasia Rítmica Concello de Oleiros no pavillón municipal da Rabadeira. Nesta competición participarán máis de 200 ximnastas procedentes de clubs de Galicia, onde tamén estarán as ximnastas anfitrías do Club de Ximnasia Acordes de Oleiros.

O 18 de abril, a piscina do INEF de Bastiagueiro será o escenario onde

## Tres importantes competicións centran a axenda dos próximos meses

■ *Oleiros acolle os seus trofeos de ximnasia rítmica, natación sincronizada e a súa histórica proba de triatlón*

se celebrará o III Trofeo de Natación Sincronizada Concello de Oleiros e onde se espera a participación de máis de 350 nadadoras procedentes da maior parte dos clubs de Galicia. Para rematar o 16 de maio, dispútase en Mera o XXVI Triatlón de Oleiros. Como todos os anos a localidade de Mera será o centro de referencia do triatlón en Galicia para esa fin de semana, onde se esperan a 120 triatletas federados e populares de toda España.

## Oleiros concede cinco bolsas a deportistas para que poidan participar en competicións internacionais ▼

◆ O Concello de Oleiros concedeu un total de cinco bolsas a deportistas do noso municipio co obxectivo de que estes poidan acudir a probas de carácter internacional nas súas disciplinas. Deste xeito, Álvaro Arrais e Rubén Pan acudiron ao campionato do mundo de Kick Boxing celebrado en Italia. José Manuel Sánchez participou no mundial de piragüismo que se disputou en Oclahoma e Sara Suárez no Open Internacional de Turquía de Taekwondo. Así mesmo, Silvia Lage competiu no Torneo Internacional de Judo de Fuengirola.

## Nace un novo club no municipio

■ *O club Hóckey Oleiros é o resultado da promoción que o Concello fai deste deporte a través da súa escola municipal*



◆ Oleiros conta cunha nova entidade dentro da súa sólida e variada estrutura social deportiva. Trátase do Club Hóckey Oleiros. Esta formación nace froito da promoción que desde o Concello se está a facer do deporte do hóckey a patíns por medio da súa escola municipal. Así mesmo, foi fundamental a cooperación entre a Concellería de Deportes e as familias dos alumnos e alumnas da escola. Un activo grupo de pais e nais están a facer realidade un proxecto novo e ilusionante, que pretende construír de abaixo a arriba unha estrutura sólida de club, partindo do máis importante, contar coa base dos nosos nenos e nenas, a ilusión e a convicción no proxecto.

## Juan Fernández irrompe no circuítio nacional de surf gañando a categoría sub-16 ▶

◆ O oleiresnse Juan Fernández López proclamouse vencedor do Circuítio Nacional de Surf na categoría sub 16. Este evento está organizado pola Federación Española e consiste en varias probas durante todo un ano por todo o territorio nacional. No último campionato do circuítio, tras unha loita moi competida co canario Luis Díaz, Juan fíxose co primeiro posto do circuítio.



## Andrés Pita proclámase campión do mundo de pesca submarina por equipos ▶

◆ O oleirense Andrés Pita proclamouse a finais do pasado ano campión do mundo de pesca submarina por equipos. Pita formou parte do trío que representou a España no campionato celebrado en Perú. O combinado español impúxose por diante dos equipos de Portugal e Croacia, que foron segundos e terceiros respectivamente. As augas peruanas, bañadas polo océano Pacífico e frecuentadas pola corrente de Humbolt, son moi parecidas ás da nosa costa.



## Gran papel de Rubén Pan no campionato do mundo de Kick Boxing ▼

◆ O púxil Rubén Pan realizou unha excelente competición chegando moi lonxe no campionato do mundo de Kick Boxing celebrado na cidade italiana de arrara onde pelexou na categoría en menos de 54 quilos de 19 a 36 anos.

# Os alumnos e alumnas das escolas de música e danza teñen unha apertada axenda ▼



◆ Os alumnos e as alumnas das escolas municipais de música e de danza terán unha apertada axenda ao longo desta primavera. A calidade artística que atesoura este grupo de mozos e mozas fai que a súa presenza en certames e festivais sexa moi demandada. Deste xeito, o próximo 29 de marzo a Banda da Escola Municipal de Música participará no XV Festival de Bandas de Teo e o 12 de abril actuará no Concello de Padrón.

Xa no mes de maio, o día 28 ás 19.00 horas, comezarán os actos de fin de curso nas escolas municipais de música e danza coa actuación do

alumnado de Música e Movemento da Escola de Música no auditorio de Mera. O 13 de xuño ás 18.00 horas, tamén en Mera, terá lugar o festival de fin de curso das escolas, onde os máis cativos representarán Mary Poppins.

O 20 de xuño terán lugar dúas representacións do ballet La Fille Mal Gardée coa participación do alumnado da Escola de Danza. Por último, o día 27 dese mes actuará a Banda da Escola de Música.

## Un obradoiro sobre educación afectivo sexual resolverá dúbidas de pais e nais de adolescentes ▼

◆ O Concello, dentro do programa Educa sexOleiros, organiza un obradoiro dirixido aos pais e nais dos rapaces e rapazas do municipio interesados en mellorar a comunicación familiar no ámbito da educación afectiva sexual e da prevención da violencia de xénero e de certos comportamentos de risco. Os temas a tratar neste obradoiro serán moi diversos e responderán á variedade de dúbidas de pais e nais participantes. Este obradoiro terá lugar os días 23, 24 e 25 de abril. A inscrición levarase a cabo no Centro de Información Xuvenil, na Fábrica ou no correo [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org).

## As clases formativas para grupos musicais no local de ensaio da Fábrica son un éxito

◆ Ao longo das pasadas semanas realizáronse as primeiras accións formativas dentro da programación de actividades do local de Ensaio Municipal da Fábrica de Perillo. As clases comezaron con sesións de baixo, batería, técnica vocal e guitarra eléctrica. A calidade docente do profesorado e o alto interese das persoas asistentes converteron a experiencia nun éxito. Por outra banda, o local acadou xa o 100% de utilización dos horarios dispoñibles, e con varios grupos agardando a súa quenda para poder levar a cabo algunha sesión libre para poder ensaiar. Polo que o Concello formúlase a posibilidade de habilitar novos espazos para máis grupos.

## Chega a gala final do certame de monólogos para escolares

◆ O vindeiro 5 de xuño ás 20.00 horas terá lugar a gala final da III Edición de Oleiros Comedia. Un programa que ten como obxectivo fundamental o de potenciar a narración oral en galego, poñendo en valor as distintas formas de comunicarnos, de contar, de facer humor. O acto estará amenizado polo combo de música moderna da Escola Municipal de Música.



## Oleiros creará unha aula de teatro nas instalacións da Escola de Danza ▼



◆ O Concello creará na planta baixa do edificio que alberga a actividade da escola de danza unha aula permanente para formarse en artes escénicas. Esta nova escola municipal ten como obxectivo principal formar alumnos e alumnas en interpretación e nas artes escénicas, en particular naquelas ramas máis estreitamente relacionadas coa actividade cultural que o complexo de danza leva a cabo. Esta aula permanente contará con diversos espazos docentes. Ademais o Goberno local ten previsto contratar para a dirección do programa docente unha das mellores formadoras en teatro contemporáneo do panorama nacional.

## Máis de 3.400 escolares participarán no programa municipal de promoción da lectura ao longo dos próximos meses ▼



◆ Ata o próximo mes de maio as bibliotecas municipais de Oleiros organizan a programación de actividades de promoción da lectura, dirixidas ao alumnado dos centros de ensino público do Concello. O obxectivo desta iniciativa é fomentar a lectura, así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais. No programa participarán máis de 3.400 alumnos e alumnas e ofertaranse 31 actividades diferentes nas que o alumnado poderá coñecer a mitoloxía da antiga Gallaecia, gozar con contacontos, espectáculos de música, baile, maxia, recitais de poesía e xogos de palabras. Así mesmo, realizar obradoiros de ilustración, banda deseñada, poesía ou curtametraxes ou ter encontros con escritores e escritoras.

## Chega unha nova edición do Roteiro cultural e literario ▼




◆ Esta interesante actividade para estudantes de secundaria consiste nun percorrido guiado por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes persoas ilustres, como unha homenaxe a todos eles. A ruta comezará en Montrove, localidade onde viviu o pintor Fernando Álvarez de Sotomayor; despois os escolares visitarán o Pazo do Río, tamén en Montrove, onde veraneou o avogado e político Santiago Casares Quiroga; para finalizar coñecerán Villa Isabel, casa onde viviu o xornalista José Luis Bugallal Marchesi. Esta actividade, que se levará a cabo o 20 e o 21 de maio, está organizada entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística do Concello e o IES Miraflores.

## Oleiros visita Lisboa na súa décima viaxe cultural ▼



◆ O noso veciño Portugal é o destino da décima viaxe cultural organizada polo Departamento de Cultura do Concello de Oleiros para a ponte de Semana Santa deste ano. Nesta ocasión os participantes gozarán da principal urbe portuguesa e as súas rúas cheas de historia nunha interesante viaxe que se levará cabo desde o próximo 2 ao 5 de abril.

## O auditorio da Fábrica acolle o pase do filme A Esmorga ▼



◆ O próximo sábado 25 de abril ás 20.30 horas o auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo, acolle a proxección do filme A Esmorga. Esta actividade enmárcase dentro do programa para conmemorar o Día das Letras Galegas. A entrada é libre, ata completar a capacidade da sala.



# Unha primavera chea de música e teatro

■ O Concello de Oleiros, a través da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística, organiza un completo programa de actividade para os vindeiros meses nos que a música e o teatro son os principais protagonistas. O auditorio Gabriel García Márquez albergará ao longo desta primavera unha selecta colección de pezas teatrais para todos os gustos.

## Marzo

- **Sábado 28 de marzo** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera



A compañía teatral Eme2 emoción&arte, presenta o seu espectáculo **O crédito**, de Jordi Galcerán, baixo a dirección de Fernando Bernués. Esta interesante obra afonda con humor nun dos principais problemas económicos do momento, a falta de crédito. O prezo da entrada é de 3,5 euros.

## Abril

- **Sábado 11 de abril** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera



O Grupo Chévere, presenta o seu espectáculo teatral **Ultranoite no país dos ananos**, baixo a dirección colectiva do Grupo Chévere. Esta compañía, distinguida co Premio Nacional de Teatro 2014, propón unha viaxe retranqueira pola sociedade actual onde a lírica será a arma para o cambio. O prezo da entrada será de 5 euros.

- **Sábado 18 de abril** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera



A compañía Il Maquinario Teatro, presenta **Perplexo**, de Marius Von Mayenburg, baixo a dirección de Tito Asorey. Esta inquietante e divertida historia xira sobre as certezas e incógnitas que se presentan na vida de acotío dos seus personaxes. O prezo da entrada será de 3,5 euros.

## Abril



- **Venres 24 de abril** ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

Luis Zahera, presenta o seu espectáculo **Chungo, monólogo de Petróleo**. Escrita e dirixida polo propio autor narra en clave autobiográfica a vida dun actor en crise. O prezo da entrada é de 2,5 euros.

- **Domingo 26 de abril** ás 12:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Magín Blanco presenta **A nena e o grilo no país das apertas**. Trátase dunha selección de contos a través de cancións ao fío da amizade dunha nena e un grilo, que nos descubren emocións e sentimentos, apréndennos a vivir, e fan que nos mergullemos nun universo máxico. Historias para nenos e nenas de todas as idades, para aprender, ser e sentir. O prezo da entrada é de 2,5 euros



- **Xoves 30 de abril** ás 21:00 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

Carlos Blanco, presenta **Menú do día**. Nesta ocasión o humorista estará acompañado polo debuxante Luís Davila, quen debuxará en directo as divertidas historias de Blanco. Este dúo de luxo retratará con humor o comportamento da xente do país. A entrada custará 5 euros.



## Mayo

- **Sábado 9 de maio** ás 19.30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera



A compañía Fantoche Baj, presenta o seu espectáculo **Zampón, o lambón**, dirixido por Ignacio Vilariño. Trátase dun espectáculo con música en directo no que se mesturan actores con figuras grandes e monicreques para contar unha historia de aventuras protagonizada por dous heroes moi especiais, Brais e Chispín, que terán que enfrontarse ao xigante Zampón, o devorador de palabras máis lambón do mundo. O acceso custará 2,5 euros.

## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

### ***Espírito crítico***

Onde se atopa a dignidade dun político? Nos seus xeitos? Nas súas palabras? Nas sentenzas xudiciais en contra?

No primeiro caso é moi doado deturpar unha imaxe, máis nos tempos que corren.

No segundo, o verbo aínda é menos complicado de manipular a través de titulares interesados ou de cortes de audio mal intencionados.

E o terceiro, a pesar de ser aparentemente máis aclaratorio, tampouco é sinónimo de mácula ou de maldade. Ángel García Seoane, condenado por defender os dereitos dos cidadás de Oleiros na praia de Sta. Cristina é boa mostra diso. Condenado inxustamente mentres auténticos ladróns campan por este país impunemente, sen ninguén que os encadee nin lles poña enriba o nome que lles corresponde. As eleccións están moi preto. Só agardo que o pobo de Oleiros saiba distinguir entre o que nos queren facer ver e o que realmente é. Que as persoas de ben observen o que os rodea, un Concello exemplar e comparen. Ou, se o desexan, que se acheguen a carón de Gelo e falen con el, que comproben que nin ditador, nin inxusto, senón dialogante e honesto. Vehemente... si! Decidido... evidentemente! Home de acción... non fai falla demostralo! Pero sempre íntegro, decente, recto... con voz altisonante, si, pero só para denunciar con forza as inxustizas e a sen razón.

**M.V.S. (Nós)**

### ***Carta aberta a Tristana Moraleja***

Teño que felicitala por dous motivos. Primeiro, polo seu auto-nomeamento de candidata ás eleccións municipais, pois coido que oficialmente o seu partido aínda non se pronunciou, e que saiba, en Oleiros, non fixeron primarias nin a "dedocracia" sinalou a ninguén publicamente; e segundo, pola súa "modestia" de querer ser a nosa alcaldesa. Está ben iso de chegar e encher pero coido que eu non sei quen é vostede e coma min asegúrolle que hai milleiros de veciños; souben que é deputada pola súa carta non por feitos relevantes do cargo, polo que

descoñezo os seus méritos.

Comprendo que queira sentirse orgullosa de Oleiros e gozar de todo o que recoñece na súa presentación: a calidade de vida que xa estamos a gozar. Porén, por outra banda di que temos menos oportunidades de traballo, máis impostos, etc., é dicir, xusto o contrario, polo que me despista enormemente. A súa ambigüidade é pura demagogia. Coido que o seu partido tiña que ter un trato máis delicado cos veciños de Oleiros e buscar persoas comprometidas e non "aparecidos" que teñen a residencia aquí pero viven noutra Galaxia. Di que hai que escoitar os veciños; precisamente todo o que temos feito en democracia son as obras deles polo que tamén hai proxecto, non está esgotado como afirma. Vostedes trátannos coma ENEMIGOS por ter un goberno INDEPENDENTE. O Partido Popular ao que pertence, tendo a maioría no Goberno do Estado e na Xunta de Galicia nunca nunca tivo un xesto positivo cos veciños de Oleiros, só atrancos. Moito teñen que mellorar para que lles deamos a confianza. Pensen, aínda lles quedan cinco anos máis de espera como mínimo. Para rematar, a que vén realmente a Oleiros? A usarnos de trampolín para acadar un escano na Deputación Provincial? Para iso, mellor non nos engane, quédese na casa!  
Un saúdo de

**Rita la cantaora (Montrove)**

### ***A Web Municipal***

Como veciña de Oleiros, cos meus 36 anos, son usuaria das redes sociais e acostumo navegar moito por internet.

O ciberespazo permite realizar un amplo abano de actividades sen moverte de casa.

O outro día entrei na web municipal do Concello de Oleiros. Sorprendeume a súa estética, moderna pero sobria. A súa accesibilidade, con despregables que permiten chegar de múltiples xeitos a un mesmo lugar. A claridade dos contidos e as múltiples posibilidades de realizar trámites cotiás como o pago de taxas ou solicitar un certificado de padrón, algo tan común pero que nos rouba tempo de traballo ao ter que achegarnos á mañá.

Trátase dunha web por riba que se

actualiza a diario, polo que a frescura que transmite é sinónimo de vida, a vida deste Concello a onde decidín, afortunadamente, trasladarme a vivir non hai moito.

Aconsello a todos os que procuren información precisa sobre todo o relacionado con Oleiros que lle dediquen todos os días uns cantos minutos a navegar por esta páxina; vale realmente a pena.

**S.F. (Santa Cruz)**

### ***A vía Ártabra***

Que a vía Ártabra non teña o tráfico que se esperaba non quere dicir que non sexa útil. A min, particularmente, afórrame máis de 30 minutos ao día nos meus desprazamentos ao traballo. E sobre todo aumenta a miña seguridade a a da miña familia. O problema da vía Ártabra é que está inacabada, cando os monicreques da Xunta fagan ben o seu traballo e logren desbloquear a situación do proxecto desta estrada ao seu paso por Cambre. Cando a Ártabra estea comunicada coa autoestrada desde Pravio á zona norte de Oleiros contará cunha excelente comunicación con toda a comarca e con Galicia. Estou seguro de que o desprazamento ao aeroporto de Lavacolla, por poñer un exemplo reducirase en 15 ou 20 minutos con todo o que isto leva.

**A.A. (Mera)**

### ***A tarxeta transporte***

O da tarxeta transporte é unha vergoña. Non se pode permitir que a xente que utilizamos o bus dependamos se ao chip lle dá a gana de funcionar e se a máquina quere lelo ou non. Para moitos é importante este desconto xa que na nosa economía supón ao cabo do mes un aforro considerable. E o que é máis importante aínda, é un dereito noso como cidadáns. Un logro acadado socialmente que non pode esfumarse da noite á mañá. A Xunta ten que esixir a entidade bancaria que as expide que todo funcione correctamente e por suposto que en caso de erro do sistema a nova tarxeta se entregue de forma gratuíta e non cobrando como fan.

**Brais do Canto (Oleiros)**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES M <sup>a</sup> Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
M <sup>a</sup> José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

*Querida lúa*

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	4 abril / 4 maio / 2 xuño
<b>Mingua</b>	12 abril / 11 maio / 9 xuño
<b>Nova</b>	20 marzo / 18 abril / 18 maio
<b>Medra</b>	27 marzo / 26 abril / 25 maio

*Transportes*

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

*Horarios Cal Pita*

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

<b>1 &gt; A Coruña &gt; Fonteculler &gt; O Burgo &gt; San Pedro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados <b>Ida</b> 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest <b>Ida</b> 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7:30 a 22:30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 7:05 a 22:05 cada hora, <b>Volta</b> 7:35 a 22:35 cada hora Sábados <b>Ida</b> 8:05 a 20:05 cada hora, <b>Volta</b> 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 10:05 a 20:05 cada hora, <b>Volta</b> 10:35 a 20:35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 7:05, <b>Volta</b> 7:30 Sábados <b>Ida</b> 8:05 ■ 14:05, <b>Volta</b> 8:30 ■ 14:30 Dom+fest <b>Ida</b> 10:05 ■ 14:05, <b>Volta</b> 10:30 ■ 14:30
<b>2b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Pousada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 16:05, <b>Volta</b> 16:35 Sábados <b>Ida</b> 16:05 ■ 19:05, <b>Volta</b> 16:35 ■ 19:35 Dom+fest <b>Ida</b> 16:05 ■ 19:05, <b>Volta</b> 16:35 ■ 19:35
<b>3 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Nos &gt; O Carballo &gt; Oleiros &gt; Sada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22, <b>Volta</b> 6:55 a 21:55 cada hora Sábados <b>Ida</b> 6:55 a 20:55 cada 2 horas, <b>Volta</b> 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest <b>Ida</b> 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas, <b>Volta</b> 9:55 a 21:55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Sada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:25 a 21:25 cada hora, <b>Volta</b> 6:25 a 21:25 cada hora Sábados <b>Ida</b> 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22, <b>Volta</b> 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22, <b>Volta</b> 8:25 a 21:25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22, <b>Volta</b> 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados <b>Ida</b> 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora, <b>Volta</b> 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 9:40 a 20:40 cada hora, <b>Volta</b> 10:10 a 21:10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 <b>Volta</b> a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> a Soñeiro 13:10, <b>Volta</b> de Soñeiro 13:50 Sábados <b>Ida</b> a Oleiros 11 ■ 21:10, <b>Volta</b> de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest <b>Ida</b> a Oleiros 10:20 e 13:10, <b>Volta</b> de Oleiros 10:45 ■ 13:35
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &lt;</b>	Sábados+dom+fest <b>Ida</b> 10 a 21 cada hora <b>Volta</b> 10:30 a 21:30 cada hora
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cristina &lt;</b>	Luns a domingos <b>Ida</b> 10:20 a 20:20 cada hora <b>Volta</b> 10:50 a 20:50 cada hora



**34.999 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 11 de marzo, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.378
DORNEDA (San Martiño)	3.418
IÑÁS (San Xurxo)	1.201
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.150
MAIANCA (San Cosme)	1.353
NÓS (San Pedro)	4.725
OLEIROS (Santa María)	2.947
PERILLO (Santa Leocadia)	8.251
SERANTES (San Xulián)	1.576
<b>TOTAL</b>	<b>34.999</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

<ul style="list-style-type: none"> <li>■ M<sup>a</sup> ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890</li> </ul>	Do 20 ao 26 de marzo Do 5 ao 11 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503</li> </ul>	Do 27 de marzo ao 2 de abril Do 12 ao 18 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ M<sup>a</sup> TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440</li> </ul>	Do 3 ao 9 de abril Do 19 ao 25 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184</li> </ul>	Do 10 ao 16 de abril Do 26 de xuño ao 2 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845</li> </ul>	Do 17 ao 23 de abril
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932</li> </ul>	Do 24 ao 30 de abril
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165</li> </ul>	Do 1 ao 7 de maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)</li> </ul>	Do 8 ao 14 de maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027</li> </ul>	Do 15 ao 21 de maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937</li> </ul>	Do 22 ao 28 de maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)</li> </ul>	Do 29 de maio ao 4 de xuño

## O novo colexio público que se está construíndo en Nós comezará a prestar servizo a partir do próximo curso ▼



◆ O novo colexio público que se está construíndo na localidade de Vilanova, na parroquia de Nós, comezará a prestar servizo a partir do próximo curso 2015-2016. O novo colexio de Nós contará cun total de 2.948 metros cadrados de superficie edificable repartidos nunha planta baixa de 1.592 metros cadrados, e dúas alturas máis de 793 e 562 metros cadrados. O investimento total nesta infraestrutura será de 5.047.982 euros. O centro escolar estará dotado de seis aulas de educación infantil e doce de primaria. Ademais contará con catro aulas de apoio, unha sala de usos múltiples, comedor e ximnasio.

Este demandado centro escolar permitirá atender a forte demanda de matrículas que ten o noso municipio e que sobrecarga outros colexios do municipio como Valle Inclán ou A Rabadeira, ambos cun notable exceso de alumnos que ao longo dos últimos cursos obrigou a acondicionar diversos espazos das súas instalacións como aulas docentes para poder atender a demanda existente.

Na actualidade estase levando a cabo a construción dos servizos e os accesos para o novo colexio. Para iso, o Concello achega parte do solo dos 30.000 metros cadrados adquiridos na finca Tenreiro e que forman parte do futuro parque municipal para a parroquia de Nós.

